



## ESO. Procedemento de reclamación das cualificacións.

- ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

### Calendario de reclamacións das cualificacións e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e 1º Bacharelato

Trámites e actuacións		Prazo
Presentación	Reclamación formal ante a dirección	<b>Dous días</b> lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente ou departamento didáctico)	<b>Primeiro día lectivo seguinte</b> ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	<b>Dous días</b> lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora	<b>Día lectivo</b> , ou se fose o caso, hábil, <b>seguinte</b>
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo	<b>Dous días hábiles</b> a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión



1. **Revisións das probas de avaliación co profesorado.**
  - Datas de revisións:
    - 26 de xuño
2. **No caso de que persista o desacordo** coa cualificación final obtida nunha materia ou coa decisión de titulación adoptada o alumnado, de ser maior de idade, ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, poderán **solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión no prazo de dous días lectivos**, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación. A reclamación deberá presentarse na secretaría do centro.
  - **Datas de reclamación:**
    - 27 e 28 de xuño
  - A dirección do centro someterá as reclamacións á consideración do departamento quen dará cumprida resolución motivada.
3. No caso de persistir o desacordo tras o procedemento de revisión no centro o alumnado, de ser maior de idade, ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, poderán **presentar por escrito á dirección do centro docente no prazo de dous días hábiles a partir do seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.**





ESO	
24 e 25 de xuño	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Reunións de avaliación final</li> <li>● Publicación das cualificacións en Abalar</li> </ul>
26 de xuño	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Entrega de boletíns</li> <li>● Revisión das probas de avaliación → Horarios de revisións</li> </ul>
27 e 28 de xuño	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Prazo para solicitar por escrito a revisión de cualificación ou decisión ao profesorado/departamento</li> </ul>
1 de xullo (Data límite)	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Resolución da decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do departamento didáctico) e comunicación á persoa interesada</li> </ul>
2 de xullo (Data límite)	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Reunión extraordinaria da xunta de avaliación para a revisión da decisión de promoción.</li> </ul>
3 de xullo	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comunicación da decisión ao alumnado reclamante e á persoa docente titora</li> <li>● Anotación nas actas de avaliación/expediente da oportuna dilixencia.</li> </ul>
4 e 5 de xullo	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Prazo para presentar por escrito á dirección do centro docente reclamación ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades</li> </ul>
5 de xullo (Data límite)	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comunicación á inspección educativa da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial</li> </ul>
8 de xullo	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Envío do expediente á Xefatura Territorial (a través de sede electrónica)</li> </ul>

 **Atención.**

- As reclamacións, por escrito, presentaránse na secretaría do centro (horario de oficina entre as 9.00 e as 14.00)
- Existe un modelo para tal fin.